

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 8 de febreiro de 2008 pola que se fan públicos, para os efectos do artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, os convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, asinados no terceiro cuadrimestre do ano 2007.*

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración, previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos por este organismo autónomo no terceiro cuadrimestre do ano 2007 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2008.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez  
Director da Escola Galega de Administración Pública

### ANEXO

Asinantes	Obxecto	Data da sinatura	Achega total da EGAP
Escola Galega de Administración Pública e Consellería do Medio Rural	Organización conxunta de cursos de formación para persoal técnico do sector agrícola, gandeiro, forestal e alimentario.	5-9-2007	Sen contido económico
Escola Galega de Administración Pública, a Xunta de Galicia e a <i>Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín</i>	Organización dunha xornada sobre A eficacia na xestión da Administración a través dos entes instrumentais e o dereito administrativo.	1-10-2007	Sen contido económico
Escola Galega de Administración Pública e a <i>Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia</i>	Organización conxunta dun curso sobre a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	4-10-2007	Sen contido económico
Escola Galega de Administración Pública e a Presidencia da Xunta de Galicia	Organización conxunta dun curso sobre a potestade sancionadora e o procedemento administrativo sancionador.	27-10-2007	Sen contido económico

## INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

*Resolución do 25 de xaneiro de 2008 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Intecmar no terceiro cuadrimestre do ano 2007.*

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño), acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia nos meses de setembro, outubro,

novembro e decembro do ano 2007, e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Vilagarcía de Arousa, 25 de xaneiro de 2008.

Xosé Manoel Romarís Pais  
Director do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

### ANEXO

Convenio	Data da sinatura	Achega do Intecmar
Convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da análise de enfermidades dos peixes e da situación zosanitaria das instalacións de acuicultura mariña na Comunidade Autónoma de Galicia.	3-9-2007	72.500 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Confraría de Pescadores de Miño para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros.	30-10-2007	100.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo.	2-11-2007	100.000 €
Convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia para a realización do proxecto de estudo de depuración intensiva de moluscos bivalvos vivos procedentes de zona C.	23-11-2007	Ano 2007: 114.015 € Ano 2008: 118.250 €
Addenda para a ampliación e prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a agrupación de interese económico Lonxa de Campelo para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra.	11-12-2007	816.640 €

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución conxunta do 31 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se ordena a publicación do Regulamento de organización e funcionamento da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde, adoptado por acordo subscrito entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO., UGT e SAE.*

No marco da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde, que tivo lugar o día 6 de novembro de 2007, logo do proceso negociador, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO., UGT e SAE acadaron acordo sobre o Regulamento de organización e funcionamento da citada mesa sectorial de negociación.

O dito acordo tivo lugar con base no disposto no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e nos artigos 79 e 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde. O seu contido publícase como anexo a esta resolución para o seu xeral coñecemento.

Na súa virtude,

**RESOLVEN:**

Dispoñer a publicación do Regulamento de organización e funcionamento da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2008.

Cayetano Rodríguez Escudero Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde	Antonio José Fernández Paniagua Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde
---	---

**Regulamento de organización e funcionamento da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde**

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, dispón que en cada servizo de saúde se constituirá unha Mesa Sectorial de Negociación.

Realizado o proceso electoral para a elección dos representantes do persoal das institucións sanitarias públicas o 18 de abril de 2007, logo da negociación previa, adoptouse o 6 de novembro o seguinte acordo polo que se establece o Regulamento de organización e funcionamento da dita mesa sectorial.

**1. Obxecto.**

A regulación da organización e funcionamento da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde; así como da súa válida constitución, realización de sesións e adopción de acordos.

**2. Ámbito.**

A negociación colectiva do persoal que presta servizos no sector sanitario público de Galicia incluído na Lei 55/2003 do Estatuto Marco dos servizos de saúde nos termos previstos nesta Lei e demais normas de aplicación.

**3. Sede.**

O edificio administrativo da Consellería de Sanidade, San Lázaro s/n, Santiago de Compostela onde se localiza a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

**4. Composición.**

A Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde está composta:

- Por 15 representantes da Administración sanitaria pública.
- Por 15 representantes das organizacións sindicais.

Ambas as dúas partes da mesa poderán asistir ás sesións acompañadas de asesoras/es que non poderán superar o número de dous por organización sindical.

As organizacións sindicais participarán na mesa en función da representatividade obtida nas eleccións previas á súa constitución.

**5. Órganos.**

Forman parte da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde, a Presidencia, a Secretaría e os membros desta.

5.1. A Presidencia da Mesa Sectorial será exercida pola/o conselleira/o de Sanidade.

Son as súas funcións:

- Presidir a mesa.
- Acordar a convocatoria das sesións e fixar a orde do día.
- Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á condición de presidenta/e e todas aquelas que lle atribúan os membros da mesa.

A Presidencia poderá delegar o exercicio das súas funcións na Vicepresidencia que será exercida polo/a director/a xeral de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, sen prexuízo de poder delegalas así mesmo, noutros órganos do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de persoal.

Esta vicepresidencia substituirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

5.2. A Secretaría será exercida polo/a subdirector/a xeral de Políticas de Persoal.

En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, designarase un suplente.

Correspóndelle á Secretaría:

- Asistir ás reunións con voz e voto.
- Redactar a convocatoria das sesións do órgano e remitila aos membros da mesa por medio que garanta a súa recepción. Para tal fin, os membros comunicaranlle por escrito á secretaria, o domicilio, fax, teléfono e correo electrónico.
- Recibir os actos de comunicación dos membros do órgano e, en xeral todo tipo de comunicacións.
- Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións así como a súa repartición aos membros da mesa.
- Expedir as certificacións que lle sexan solicitadas.
- Custodiar e arquivar a documentación propia da mesa.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á Secretaría ou sexan encargadas pola Presidencia ou os membros da mesa.

5.3. Os membros da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde na súa totalidade, goza-

rán das mesmas garantías que os delegados sindicais no exercicio da súas funcións.

A acreditación de membro de mesa sectorial será realizada ante a súa Secretaría polo representante legal de cada organización sindical. En calquera momento a mesa poderá requirir os seus membros para que identifiquen a que organización sindical representan.

A mesa sectorial poderá constituír grupos de traballo para abordar ou facer o seguimento de problemas específicos que se rexerán polas normas que aquela acorde para cada caso.

Correspóndelles aos membros da mesa:

1. Participar nos debates das sesións.

2. Exercer o dereito ao voto, así como formular o voto particular, expresando o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican.

3. Formular propostas e suxestións.

4. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

5. Recibir cunha antelación de 5 días hábiles á data da sesión a documentación relativa á orde do día. A información dos asuntos que figuren nela estarán á disposición dos membros en igual prazo.

6. A obriga de sivilo respecto á información a que tivesen acceso pola súa condición de membros da mesa obriga que se manterá aínda despois de perder a condición de membro.

7. Exercer calquera outra función que sexa atribuída por norma de rango legal ou regulamentario.

6. Funcionamento.

6.1. Sesións. Poderán ser:

6.1.1. Ordinarias. As xuntanzas que se realicen por iniciativa da Administración sanitaria que se convocarán, como mínimo, con periodicidade mensual.

6.1.2. Extraordinarias. As sesións convocadas con tal carácter polo presidente da mesa ou por instancia da parte social por alomenos 3 organizacións sindicais.

6.1.3. Certificacións de asistencia ás sesións realizadas por instancia da Administración.- A Subdirección Xeral de Políticas de Persoal certificará a asistencia ao número de asistentes, por organización sindical, que se corresponda co dos seus representantes na mesa sectorial. Os certificados que incluírán a indemnización por quilometraxe e indicación da hora de comezo e remate da sesión, emitiranse a prol dos asistentes que se anoten no Servizo de Relacións Laborais onde deberán ser recollidos ao remate de cada sesión.

6.2. Convocatorias. Correspóndelle á Administración sanitaria a convocatoria de todas as xuntanzas de mesa sectorial que terán lugar logo da convocatoria que deberá realizarse, para as sesións ordinarias,

cunha antelación mínima de cinco días á data de realización. As sesións extraordinarias convocaranse polo medio que resulte máis rápido e coa antelación mínima precisa para garantir a súa recepción.

6.2.1. Contido: Na convocatoria figurará o día, a hora e o lugar de realización e a orde do día da xuntanza.

A orde do día estará formada pola lectura e aprobación, se é o caso, da acta da sesión anterior, e polos asuntos que de común acordo establezan as partes.

6.2.2. Documentación: a partir da remisión da convocatoria, remitirase con antelación suficiente aos membros da mesa a documentación que sexa necesaria para o seu tratamento na sesión.

6.2.3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día; agás que por maioría da parte social, se decida deliberalo, ou por unanimidade desta, se adopte un acordo.

6.2.4. A Administración está obrigada a poñer todos os medios materiais e humanos necesarios para o axeitado funcionamento da mesa e o desempeño das súas funcións.

6.2.5. Para os efectos da convocatoria da mesa será inhábil o mes de agosto.

6.3. Intervencións e votacións. Cada organización sindical designará un voceiro para as xuntanzas da mesa sectorial, cuxas manifestacións vincularán o sindicato que representa. A súa substitución deberá comunicarse á súa secretaria.

6.4. Actas. De cada sesión levantará acta a/o secretaria/o, na cal se especificarán os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, o contido dos acordos adoptados e, se ó o caso, a indicación de non terse chegado a acordo.

Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala a Presidencia, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a esta.

7. Competencias e facultades da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde.

Os representantes da Administración sanitaria debidamente autorizados e das organizacións sindicais con representación na mesa poderán chegar a acordos e pactos.

a) Os pactos realizaranse sobre materias que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que os subscriba e vincularán directamente as partes.

b) Os acordos versarán sobre materias competencia do Consello da Xunta. Para a súa validez e eficacia será necesaria a aprobación expresa e formal do dito consello.

Os pactos e acordos deberán establecer as partes intervinientes e o prazo de vixencia, así como o seu ámbito persoal, funcional e territorial.

#### 8. Adhesión a pactos e acordos.

As organizacións sindicais membros da Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde poderán adherirse, co acordo maioritario de cada unha das partes, ao contido íntegro dos pactos e acordos acadados, en calquera momento posterior ao peche da negociación e sempre que non teñan recorrido ante a xurisdición o dito pacto ou acordo.

O procedemento de adhesión iniciárase por instancia de parte, mediante comunicación de tal propósito dirixida á secretaría da mesa sectorial, que a incluírá na orde do día da seguinte reunión ordinaria. No seu defecto, o presidente da mesa, convocará sesión extraordinaria nun prazo non superior a un mes.

Da dita sesión, levantarase acta onde se reflecta o acordo adoptado nos termos regulados no artigo 6.4º. No suposto de acordarse a adhesión, deberán determinarse tamén as condicións de participación na comisión de seguimento ou outros órganos constituídos en execución do pacto ou acordo. A organización sindical adherida asumirá os acordos adoptados con anterioridade pola dita comisión.

A mencionada acta incorporárase ao expediente de tramitación do pacto ou acordo e publicarase, así mesmo, mediante resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, no *Diario Oficial de Galicia*.

#### *Disposición adicional*

Nos últimos dous anos incrementáronse considerablemente o número de comisións de seguimento dos acordos asinados, co conseguinte incremento da actividade de participación das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial. Así mesmo, o actual número de profesionais do Servizo Galego de Saúde, supera con moito as previsións manexadas cando se asinaron os pactos sobre crédito horario. Por outra banda, neste ano producírase a integración do persoal das fundacións e empresas públicas sanitarias ao réxime estatutario, o que repercutirá tamén na actividade de negociación e participación, razóns polas que cómpre facer unha adaptación.

As comisións de seguimento constituídas nos últimos dous anos e actualmente en funcionamento que xeran unha actividade adicional á ordinaria de negociación son: para a aplicación do réxime extraordinario de carreira profesional de licenciados sanitarios, diplomados sanitarios, e persoal de xestión e servizos e técnicos de formación sanitaria; do acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación; do acordo regulador da xornada, condicións de traballo e retribucións do persoal médico de urxencias hospitalarias; do acordo regulador do novo modelo de atención primaria e creación de postos de traballo nos puntos de atención continuada;

do plan de mellora de atención primaria e do plan de provisión de postos de traballo dos facultativos especialistas dos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

En atención a tales circunstancias, acórdase autorizar dous permisos adicionais a tempo completo para cada organización sindical con representación na mesa sectorial, vinculados aos acordos mencionados, sempre que cada unha delas participe, polomenos, en catro das ditas comisións de seguimento.

O persoal das fundacións sanitarias que se prevé incorporar aos censos de persoal estatutario, ascende a máis de 1.200 profesionais. Algunha área sanitaria supera as/os 6.000 traballadoras/es, razón pola cal, para adaptar o número de delegadas/os de sección sindical e representación nas comisións de centro á realidade actual, se acorda autorizar un/unha delegado/a adicional sobre os previstos na escala contida no pacto vixente, nas áreas con máis de 6.000 profesionais e nas áreas con dous ou menos.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-A Mesa Sectorial de Negociación do Servizo Galego de Saúde acomodará, en todo momento, este regulamento á normativa que poida xurdir nesta materia, sometendo as mudanzas que poidan derivar da dita adecuación á aprobación dos membros da mesa.

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Resolución do 18 de febreiro de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 003, do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (ordenanza/telefonista e outras) polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría, nomeado polas ordes do 9 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 72, do 13 de abril) e do 19 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 78, do 23 de abril), pola que se fai pública a baremación definitiva da fase de concurso.*

En sesión que tivo lugar o día 18 de febreiro de 2008, o tribunal designado polas ordes do 9 de abril de 2007 e do 19 de abril de 2007, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 003, do